

**MARÉ****COMPOSTELA**

■ Fran P. Lorenzo e Anxo Tarrío, finalistas

## A Asociación de Escritores entrega hoxe os seus premios

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) celebra hoxe a súa Cea das Letras, un dos actos más importantes na vida da asociación. Os galardóns. No transcurso da Cea das Letras, que se celebrará o Hotel Palacio del Carmen de Santiago de Compostela, recoñecerase a mellor obra publicada no 2009 en cadanxeu xénero: Ensaio, Literatura Infantil e Xuvenil (en colaboración con Gáliz), Poesía, Narrativa, Tradución (en colaboración coa Asociación de Tradutores), Teatro e Traxectoria Xornalística (para cuxa elección se contará cos votos dos membros do Colexio de Xornalistas), e o blog literario. Igualmente, entregarase o Premio AELG para Institucións, que foi para o Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra.

En narrativa, os finalistas son *Monte Louro*, de Luís Rei Núñez, *O Cabo do Mundo*, de Xabier Quiroga e *Unha historia que non vou contar*, de Cid Cabido. En poesía só doux finalistas: *Deter o día cunha flor*, de Luz Pozo Garza e *O pouso do fume*, de Dores Tembrás. No apartado de mellor traxectoria peroidística, figurán doux colaboradores de GALICIA HOXE, Anxo Tarrío e Fran. P. Lorenzo. • REDACCIÓN